

De acordo co artigo 10 da Orde do 30 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego, constitúese o grupo de traballo mixto entre o Concello de **Cervo**, promotor do Obradoiro de Emprego “ **Sendas de Burela, Cervo e Xove III** ” e a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

Pola Entidade promotora:

Belén Villares Vázquez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Cervo
María Jesús Mota Otero , Orientadora Laboral do Concello de Cervo

Pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar:

Luís López López , Técnico Escolas Obradoiro.
Francisco Quinzá-Torroja García, Técnico Escolas Obradoiro

Constituído o grupo de traballo mixto decide por unanimidade que para proceder á selección de:

- 1 Monitor pintor.
- 2 Monitores xardineiros
- 1 Administrador (1/2 Xornada)

que van desenvolver as súas funcións dentro do Obradoiro de emprego “ **Sendas de Burela, Cervo e Xove III** ” se presentará oferta de emprego nas oficinas de emprego de **Burela**, así como que o persoal será seleccionado de acordo coas bases aprobadas nesta sesión.

Para a selección do director presentárase oferta de emprego na oficina de emprego de **Burela**, sendo a ocupación esixida para o posto de director do obradoiro a de **Arquitecto, Arquitecto técnico, Enxeñeiro agrónomo, Enxeñeiro de montes, Enxeñeiro técnico agrícola ou Enxeñeiro técnico forestal**, cunha experiencia mínima de **24** meses na ocupación **debendo acreditar a competencia docente**. De dita oferta xenérica sairán os candidatos de entre os cales ó Grupo de Traballo elixirá o candidato mais axeitado as funcións a desenvolver tendo en conta o baremo de selección indicado nas bases do Director aprobadas nesta sesión.


Para a selección dos alumnos-traballadores participantes presentárase oferta de emprego nas oficinas de emprego de **Burela** , que enviarán dentro do posible 3 candidatos por posto, sendo os requisitos mínimos a cumprir polos candidatos o de ser desempregados, maior de 18 anos, e cumprir os demais requisitos indicados nas bases de selección dos alumnos aprobadas nesta sesión.

Para a selección doutro persoal que no transcorrer do obradoiro pode ser preciso para o correcto desenvolvemento do proxecto poderase acudir tanto a convocatoria pública como oferta de emprego, aplicándose para a selección os baremos aprobados nesta sesión.

O Grupo Mixto quedará constituído e poderá actuar coa asistencia da metade dos seus membros dos que polo menos un será dos designados pola Consellería de Traballo e Benestar.

No caso de producirse calquera circunstancia que deixe vacante unha praza deberá cubrirse en primeiro lugar co candidato seguinte dos declarados aptos e así sucesivamente ata rematar a lista de reservas , e no caso de que non exista esta ou se esgote acudirase a convocatoria pública ou oferta á oficina de emprego.

Lugo a 11 de xuño de 2015



**BASES PARA A SELECCIÓN DO DIRECTOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO
"Sendas de Burela Cervo e Xove III"**

Primeira .- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigos 10 e 12 da orde do 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiros de emprego, a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán na selección de quen será contratado como director do Obradoiro de Emprego "Sendas de Burela Cervo e Xove III", promovido polo Concello de Cervo e subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar .

Segunda.- Funcións do posto de traballo.

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ó posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

Superior dirección do persoal, das actividades formativas que se desenvolvan no **Obradoiro de Emprego "Sendas de Burela Cervo e Xove III"**, e das actuacións práctico-laborais dos seus participantes, así como aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.

Velar polo cumprimento dos obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do proxecto formativo.

Imparti-las clases teóricas dos distintos módulos.

A dirección de obra ou a dirección de execución segundo a titulación

Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas.

Terceira.- Características do contrato de traballo.

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora co seleccionado, terá carácter temporal, cunha duración de seis meses e a xornada completa.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.



Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.

Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego

b) Requisitos mínimos.

- Ocupación: Ocupación: Arquitecto, Arquitecto técnico, Enxeñeiro agrónomo, Enxeñeiro de montes, Enxeñeiro técnico agrícola ou Enxeñeiro técnico forestal.

-Experiencia profesional mínima de 24 meses na ocupación.

-Acreditar a competencia docente co certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, ou co CAP ou que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos de 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

A posesión destes requisitos mínimos condicionarán a admisión dos candidatos ó proceso selectivo.

En todo caso, os interesados deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo o sondaxe.


Quinta.- Composición e funcións do grupo de traballo mixto.

De conformidade co previsto nos artigos 10 e 12 da antedita Orde, reguladora do programas de obradoiros de emprego, o grupo de traballo mixto encargado das actividades de selección, estará integrado por catro membros. Dous o serán en representación da Consellería de Traballo e Benestar e designados polo Xefe Territorial que, ademais, determinará quen será o que ostente a presidencia do grupo de traballo, e dous en representación da entidade promotora.

O Grupo Mixto quedará constituído e poderá actuar coa asistencia da metade dos seus membros dos que polo menos un será dos representantes da Consellería de Traballo e Benestar.

O grupo resolverá por maioría de votos dos membros, todas as dúbidas que surxan na aplicación e interpretación das normas contidas nas presentes bases.

As decisións adoptaranse por maioría de votos, tendo o presidente, para os supostos de empate nas votacións, voto de calidade.



2

A este grupo de traballo, corresponderalle realizar tódalas actuacións encamiñadas a selección dos aspirantes a ocupa-las prazas obxecto da convocatoria así como aquelas outras que, de conformidade coa normativa aplicable, teñan atribuídas.

Sexta.- Sistema de admisión de candidatos: oferta de emprego tramitada á oficina de emprego.

1.- O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada á oficina de emprego de Burela.

2.- Os parámetros da sondaxe serán:

a) Data de realización: a partir do 11/06/15.

b) Ámbito xeográfico: Concellos de Cervo, Xove e Burela . De non atoparse candidatos ampliarase ata os Concellos limítrofes e ata acadarse o número máximo de 6 candidatos.

c) Nivel profesional: Técnico de grao medio ou superior

d) Número de candidatos a remitir:

-Mínimo: 3

-Máximo: 6.

Se o número de candidatos resultante da sondaxe efectuado pola oficina de emprego, excedese da cifra máxima, dita oficina efectuará unha selección, excluíndo, primeiramente, ós que teñan menor experiencia en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego.

3.- A oficina de emprego comunicará ós candidatos resultantes da sondaxe o lugar, día e hora no que deberán asistir para realizar a selección orientada a cubri-la oferta de emprego formulada, indicándolles, así mesmo, que deberán facelo provistos da documentación en orixinal ou copia compulsada que acredite os seus méritos . así como dunha copia para entregar.


5.- A selección dará comezo ás 10.30 horas do vindeiro 24 de xuño de 2015 na Oficina de emprego de Burela sita na rúa Emilia Pardo Bazán nº 21-23 Burela.

Sétima.- Publicidade da oferta de emprego.

Se o grupo de traballo así o acordase, despois de efectuadas as actuacións que estime oportunas e de remitida a antedita oferta de emprego á oficina de emprego, poderá darlle publicidade a dita oferta mediante a súa exposición nos taboleiros da oficina de emprego de Burela e no concello de Cervo.

Oitava.- Actividades selectivas.

1.- As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación dos candidatos ó posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración de méritos e na celebración dunha entrevista persoal.



3

2.- A tal fin, e de conformidade co previsto no núm. 4 da base 6ª, os candidatos deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada a súa formación e experiencia profesional previa.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base seguinte. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata sete puntos e medio.

3.- A continuación da avaliación dos méritos, e no mesmo acto, o grupo de traballo procederá a entrevistar a cada un dos aspirantes coa finalidade de coñecer as súas capacidades persoais e profesionais para desempeñar o posto de traballo ofertado.

A puntuación máxima que se pode acadar pola entrevista persoal será de ata tres puntos e medio.

4.- Finalizado o proceso de selección, o grupo de traballo realizará as actuacións previstas nas bases 10ª e 11ª en orde a determinar quen será o candidato proposto para ocupa-lo posto de traballo ofertado.

Novena.- Méritos que se valorarán.

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

I) Experiencia profesional/docente:

a) Experiencia como director en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2 puntos.

b) Experiencia profesional coa titulación exisida: 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo ata un máximo de 2 puntos.

De conformidade co previsto na base cuarta b), o período mínimo de experiencia profesional exisida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

c) Experiencia docente impartindo cursos de formación ocupacional ou como monitor en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego : 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo ata un máximo de 1,5 puntos.

II) Cursos recibidos:

- Curso recibidos de formación relacionados coas labores a realizar, de mais de 50 horas e impartidos por entidades pública : 0,25 puntos por curso ata un máximo de 2 puntos. Acreditados con diplomas nos que figuren os contidos do curso.

En todo caso, os cursos deberán estar relacionados coas funcións que se vaian desempeñar polo que deberá de figurar no dorso os contidos do curso, impartidos por entidades públicas e só se valorarán aqueles que teñan unha duración igual ou superior a vinte horas lectivas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Master ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

Décima.- Puntuacións finais. Contratación.

1.- De conformidade co previsto na 8ª destas bases, finalizado e cualificado o proceso de selección, o grupo de traballo procederá ó establecemento das puntuacións finais dos candidatos que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na entrevista persoal e determinarán a orde de prelación dos aspirantes para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

2.- A entidade promotora estará obrigada a contrata-lo aspirante que sexa proposto polo grupo de traballo mixto atendendo as puntuacións finais e tendo en consideración o previsto no parágrafo 3ª.

Non obstante o anterior, si o candidato proposto para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propondrá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final.



3.- Os candidatos que na data de inicio do Obradoiro de Emprego, estivesen prestando Servizos a tempo completo noutra escolas obradoiro, casa de oficios, obradoiro de emprego ou unidade de promoción e desenvolvemento, non poderán ser propostos para a súa incorporación ó novo proxecto en tanto non finalizará, por expiración do prazo de duración previsto, o contrato que o vincula co proxecto en funcionamento.

4.- Finalmente, serán obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello de Cervo as puntuacións finais e o nome do candidato proposto para ser contratado pola entidade promotora.

Décimo primeira.- Criterios para dirimir empates.

Para dirimi-los posibles empates entre as puntuacións finais obtidas por dous ou máis candidatos, estarase:

- Á puntuación obtida no apartado de experiencia profesional/docente.
- Á puntuación obtida no apartado de cursos recibidos.
- O de maior idade.



Décimo segunda.- Incidencias e reclamacións.


1.- De conformidade co establecido no artigo 14 da orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiros de emprego, estarase ós criterios e procedementos para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora do proxecto formativo sexa un organismo público. Neste último caso, o persoal seleccionado non se considerará incluído nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, polo que non será preciso oferta de emprego público previa

2.- As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o grupo de traballo mixto para a selección no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte a publicación das actas e serán resoltas polo grupo de traballo mixto, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.


Lugo a 11 de xuño de 2015




Belén Villares Vázquez



Luis López López



María Jesús Mota Otero



Francisco Quinza Torroja García

BASES PARA A PROVISIÓN DE PERSOAL
DO OBRADOIRO DE EMPREGO "Sendas de Burela, Cervo e Xove III"

1.- OBXECTO:

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10 e 12 da Orde do 23 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiros de emprego, o establecemento do sistema, procedemento e baremos das probas que se aplicarán na selección dos que serán contratados expertos docentes do obradoiro de emprego "**Sendas de Burela, Cervo e Xove III**", promovido polo Concello de Cervo e subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar.

PRAZAS CONVOCADAS:

- a) 1- Monitor pintor.
- b) 2- Monitor xardineiro
- c) 1.-Administrador (1/2 Xornada)

2.- CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS DE TRABALLO.

Os contratos de traballo que subscribirá a entidade promotora cos seleccionados, terán carácter temporal, a tempo completo os sinalados no apartado a) e b) e a media xornada o do apartado c) do punto 1, e todos eles por un período de **seis meses**.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo solicitar a compatibilidade do segundo posto de traballo que pretenda exercer debendo ser aprobada dita compatibilidade polo órgano competente da entidade promotora do proxecto.

3.- REQUISITOS E CONDICIÓNES ESIXIDAS ÓS CANDIDATOS

3.1.- Requisitos xerais dos aspirantes:

- a) Estar en posesión da titulación e experiencia que se esixe para cada praza, ou en condicións de obtela na data na que termine o prazo de presentación de solicitudes da presente convocatoria.
- b) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións que corresponden ás prazas convocadas.
- c) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitado para o exercicio da función pública.
- d) Estarán en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data de inicio do proxecto ou naquela que se lle indique.

3.2.- Requisitos e condicións particulares de cada unha das prazas:

a) Monitor Pintor :

- Estar en posesión da categoría profesional de Oficial de 1ª Pintorl ou ter traballado como Pintor no Réxime de Traballadores Autónomos. Será necesario a acreditación de ter unha experiencia mínima de 3 anos.

A categoría profesional e a experiencia entenderanse cumpridos polos aspirantes que traballaran como docentes en dita especialidade, un mínimo de 3 anos, nunha escola obradoiro, casas de oficios ou obradoiro de emprego

- Acreditar a competencia docente co certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, ou co CAP ou que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos de 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas no apartado 4.1 das presentes bases.

b) Monitor de Obradoiro de Xardinaria:

- Estar en posesión da categoría profesional de Oficial 1ª xardineiro, ou ter traballado como xardineiro no réxime de traballador autónomo. Será necesaria a acreditación de ter unha experiencia mínima de 3 anos.

A categoría profesional e a experiencia entenderanse cumpridos polos aspirantes que traballaran como docentes en dita especialidade, un mínimo de 3 anos, nunha escola obradoiro, casas de oficios ou obradoiro de emprego

A categoría profesional e a experiencia entenderanse cumpridas nos aspirantes que estean en posesión do título de Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro Técnico Forestal, Enxeñeiro Agrónomo ou Enxeñeiro de Montes e unha experiencia profesional mínima de 1 ano como xardineiro.

- Acreditar a competencia docente co certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, ou co CAP ou que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos de 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas no apartado 4.1 das presentes bases.

b) Administrador:

- Titulación: Licenciado en Ciencias do Traballo ou Diplomado en Relacións Laborais

Ter os coñecementos e experiencia precisos para desenvolver as funcións definidas no apartado 4.2 das presentes bases.

4.- FUNCIONES

4.1.- Funcións comúns a tódalas prazas de Monitores de Obradoiro

Impartir, no seu caso, o ensino de forma que os alumnos traballadores poidan obter o maior beneficio del e unificar, na medida do posible, os modos e forma de actuación seguindo as directrices marcadas pola Dirección.

Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas que lle sexan encargados pola Dirección do Obradoiro, dentro dun marco pedagóxico e didáctico de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.

Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no Traballo.

Serán os responsables de impartir-lo ensino teórico-práctico correspondente a súa especialidade.

Colaborarán co director na realización do programa docente e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas productivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.

Serán os responsables do control de asistencia e produtividade dos alumnos traballadores do seu obradoiro, debendo facilitar de forma obrigatoria, semanalmente os partes diarios de traballo de cada traballador participante, así como a lista de control de asistencia correspondente ó mencionado período.

Elaborarán nas datas e forma que o Director lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para cada fase do proxecto formativo. Así mesmo elaborarán, coa antelación suficiente, listas periódicas coas necesidades deste tipo que surxan ó longo de cada unha das fases e que non foran previstas a hora de realiza-las anteriores listas.

Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos e custodiarán os albarás ata a súa entrega ó Director do Obradoiro de emprego.

Colaborarán coa Dirección nos labores de titoría dos alumnos traballadores, comunicando a esta as incidencias que ocorran no obradoiro.

Serán os responsables da custodia, mantemento e conservación dos medios, maquinaria, ferramentas etc. propios do seu obradoiro, así como doutros de carácter xeral que lle sexan encargados pola Dirección do Obradoiro de emprego. Semestralmente, a petición da Dirección, realizarán un inventario dos medios do obradoiro, no prazo e forma que se esixa.


Serán os encargados de organiza-los diferentes labores dos grupos de traballo, respondendo da execución das tarefas productivas a realizar polo seu obradoiro.

Realizarán aqueles traballos xerais e inclusive os que supoñan un especial empeño e delicadeza, que lle sexan encomendados pola Dirección na execución das tarefas productivas do Obradoiro de emprego.

Fomentarán e participarán activamente en tódalas iniciativas de creación de emprego.

Serán responsables directos nos aspectos práctico - productivos dos alumnos-traballadores que estén o seu cargo, en especial no relativo á Seguridade e Saúde no traballo.

Será o encargado de impartir lo ensino teórico das especialidades dos obradoiros, e se fose preciso, o ensino correspondente ao programa de formación empresarial e búsqueda de emprego. Encargarase, si a Dirección o considera necesario, da supervisión das obras.



4.2. -Funcións específicas do Administrador

Será o encargado de realizar a contabilidade do Obradoiro, os contratos laborais, nóminas de salarios, afiliación, liquidacións e cotización á Seguridade Social, transferencias, control de facturas e albaráns, confección de documentos e manexo das aplicacións informáticas precisas, na forma e prazos adecuados.

Realizarán a base de datos e o arquivo do Obradoiro, tanto de persoal como dos medios, e será o encargado da obtención e confección dos datos estatísticos, rexistros, clasificación e arquivo de documentos, abastecementos, etc...

Impartirá o módulo de iniciación a informática ós alumnos traballadores.

Impartirá o módulo de inserción laboral e técnicas de búsqueda de emprego ós alumnos traballadores.

Calquera outra función propia do seu cargo que lle encomende a Dirección

5.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS

5.1 O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada á oficina de emprego de **Burela**.

Os parámetros da sondaxe serán:

a) Ámbito xeográfico:

Concello de **Cervo, Xove e Burela**

De non atoparse candidatos suficientes (menos de 3) ampliarase ata o ámbito Comarcal, de non ser suficiente ampliaríase ao ámbito de oficina.

b) Número de candidatos a remitir pola oficina de emprego: mínimo 3 e máximo 6 por posto.

Se o número de candidatos excedese desta cifra máxima, a oficina de emprego efectuará unha selección, excluindo ós que teñan menor experiencia en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego e, de persistir o empate, excluirá ós que teñan menor tempo acreditado na situación de desemprego.

A Oficina de Emprego remitirá ao Grupo de traballo Mixto a relación dos candidatos resultado da oferta.

Tódolos candidatos na data da selección deberán acreditar os requisitos e méritos presentados con documentos orixinais e copias ou copias compulsadas da documentación a baremar.

5.2.- Os candidatos enviados pola oficina de emprego na data da selección deberán acreditar os requisitos e méritos presentados con documentos orixinais ou copias compulsadas da documentación que a continuación se relacionan:

- Titulación académica segundo o apartado 3.2 das presentes bases.

- Titulacións académicas segundo o apartado 7.1 das presentes bases.
- Experiencia profesional:
 - Contratos de traballo coa categoría profesional e a ocupación esixida na praza, certificado de empresa, nóminas ou certificación de organismo oficial.
 - Vida laboral actualizada expedida polo INSS, con indicación en caso dos traballadores autónomos do epígrafe da actividade desenvolta.
 - Os traballadores autónomos entregarán alta en licenza fiscal e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE aos efectos de cómputo da experiencia profesional.
- Cursos realizados:
 - Diploma no que figuren os contidos do curso realizado relacionado coas funcións a desempeñar e cunha duración de 20 ou máis horas.
- Coñecementos de lingua galega:
 - Cursos de iniciación e perfeccionamento de galego ou convalidación

Será absolutamente imprescindible para a admisión e valoración dos méritos dos aspirantes, que se acheguen as certificacións e documentación acreditativas.

5.3.- Rematado o proceso des elección o Grupo de Traballo publicará a relación de demandantes declarados aptos, por orden de puntuación.

5.4.- O Grupo de Traballo elevará a relación expresada ó Órgano Contratante, que procederá á firma dos contratos laborais cos demandantes de maior puntuación para cada praza.

6.- COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN

6.1.- O Tribunal cualificador, estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Un representante da Consellería de Traballo e Benestar, con voz e voto de calidade no caso de empate.

Vocais: Un representante da Consellería de Traballo e Benestar, que actuará de secretario e dous representantes designados polo **Concello de Cervo**, con voz e voto.

6.2.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros dos que polo menos un será dos representantes da Consellería de Traballo e Benestar.

6.3.- O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos membros presentes, tódalas dúbidas que surxan na aplicación e interpretación das normas contidas nas presentes bases.

6.4.- O Tribunal si o considera oportuno, poderá requirir o asesoramento na corrección e valoración das probas de aptitude dos profesionais ou persoas que considere axeitadas.

6.5.- As incidencias e reclamacións que se poideran suscitar derivadas dos procesos de selección serán resoltas polo grupo mixto, sen que caiba posterior recurso en vía administrativa de acordo co artigo 14.1 da orde da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiros de emprego.

6.6.- De conformidade co establecido no artigo 14 da orde da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiros de emprego non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os

procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora do proxecto formativo sexa un organismo público.

6.7.-O sistema de selección constará dunha primeira fase de valoración de méritos e dunha segunda fase na que se realizarán probas de aptitude ou coñecementos, si así o considera o Grupo de Traballo, e unha entrevista persoal.

7- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

7.1.- FASE VALORACIÓN DE MÉRITOS:

7.1.1. Monitores de obradoiro.

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

I) Experiencia profesional:

Experiencia profesional-docente, exclusivamente como monitor, en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, sempre referida á especialidade obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e ocupación esixidas nas presentes bases: 0,50 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 4 puntos.

Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 5 puntos.

A experiencia profesional acreditarase:

- no caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases.

- no caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

De conformidade co previsto no apartado 3.2, o período mínimo de experiencia docente en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego ou a profesional esixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 9 puntos.

II) Cursos realizados:

Curso de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.

Curso de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.

Curso de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

En todo caso, os cursos deberán estar relacionados coas funcións que se vaian desempeñar polo que deberá de figurar no dorso os contidos do curso, impartidos por entidades públicas e só se valorarán aqueles que teñan unha duración igual ou superior a vinte horas lectivas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Master ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 3,50 puntos.

III) Coñecementos de lingua galega:

Curso de iniciación: 0,25 puntos.

Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire ós cursos ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

7.1.2. Administrador

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

I) Experiencia profesional:

Experiencia profesional en funcións administrativas en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego: 0,5 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 4 puntos.

Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego, en postos de traballo como administrador e coa categoría profesional como grupo 5 ou superior (do 1 o 5) da vida laboral: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 5 puntos.

A experiencia profesional acreditarase:

- No caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases.

- No caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

De conformidade co previsto no apartado 3.2, o período mínimo de experiencia docente en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego ou a profesional esixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 9 puntos.

II) Cursos realizados:

De 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.

De 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.

De 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

En todo caso, os cursos deberán estar relacionados coas funcións que se vaian desempeñar polo que deberá de figurar no dorso os contidos do curso, impartidos por entidades públicas e só se valorarán aqueles que teñan unha duración igual ou superior a vinte horas lectivas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Master ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 3,50 puntos.

III) Coñecementos de lingua galega:

Curso de iniciación: 0,25 puntos.

Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire ós cursos ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

7.2.- FASE DE ENTREVISTA PERSOAL:

Na mesma data de realización da fase de valoración de méritos e/ou probas e unha vez finalizada a súa valoración pasarase á celebración da entrevista persoal coa finalidade de determina-las súas aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se pode acadar nesta fase será de 7 puntos.



8.- PUNTUACIÓN FINAL.CONTRATACIÓN.

Rematadas as anteditas fases, na correspondente sesión o grupo de traballo mixto procederá o establecemento das puntuacións finais. Estas, que virán dadas pola suma das puntuacións obtidas ó longo do procedemento selectivo, determinarán a orde de prelación dos aspirantes, polo que a entidade promotora estará obrigada a contratar o aspirante que obtendo a maior puntuación final fose proposto polo grupo de traballo.

Para dirimi-los posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, estarase ós seguintes criterios:

- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- Á puntuación obtida no apartado de cursos realizados.


Serán obxecto de exposición pública as puntuacións finais dos declarados aptos, o candidato proposto para ser contratado pola entidade promotora e a lista de reserva a que fai referencia a base seguinte.

Non obstante o anterior, os candidatos que na data de inicio do obradoiro, estivesen prestando servizos nunha escolas obradoiro, casa de oficios, obradoiro de emprego ou unidade de promoción e desenvolvemento, non poderán ser propostos para a súa incorporación o novo proxecto en tanto non finalizara, por expiración do prazo de duración previsto, o contrato que o vincula co proxecto en funcionamento, polo que pasarán a integrar a lista de reserva prevista na base 9ª, ocupando o lugar que lles corresponda conforme a puntuación obtida no dito proceso de selección.

Os seleccionados polo grupo de traballo mixto serán admitidos pola entidade promotora, sempre e cando cumpran co punto 3.1 apartados b),c) e d) dos requisitos xerais destas bases, para o que deberán aportar a entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial no que deberá figurar a lenda "o interesado non padece enfermidade nin está afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego " e declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitado para o exercicio da función pública.

9.- LISTA DE RESERVA:

Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva integrada polos candidatos que, tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.



No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

10.- RECLAMACIÓNS:

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaránse ante o grupo de traballo mixto no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte a publicación das actas e serán resoltas polo grupo de traballo mixto, sin que quepa ulterior recurso en vía administrativa.

Lugo a 11 de xuño de 2015



Belén Villares Vázquez



Luis López López



María Jesús Mota Otero



Francisco Quinzá-Torroja García

ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.- MULLERES

- As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero terán prioridade absoluta.
- En xeral 1 pto.

2.- IDADE

- 18 - 29 anos 4 ptos.
- 30 - 45 anos 1 pto.
- 45 ou máis 3 ptos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía > 33 % 1 pto.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO


- Perceptores de desemprego 1 pto.
- Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA..... 2 ptos.
- Non perceptores 3 ptos.
- Parados que consumisen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego a que tiñan dereito 4 ptos.

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses 1 pto.
- Máis de 12 meses... 2 ptos.
- Máis de 18 meses... 4 ptos.

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos 0 ptos.
- Grupo de cotización del 1 al 7 0 ptos.
- Grupo de cotización 8 1 ptos.
- Grupo de cotización 9 2 ptos.
- Grupo de cotización 10 3 ptos.
- Sen emprego anterior 4 ptos.



7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- Perceptores da RISGA e aqueles que non poidan acceder a ela, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.....5 pts.
- Drogodependentes rehabilitados acreditados, ex-reclusos, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores inmigrantes residentes da comunidade, emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de Administración Autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social (acreditado co informe do Traballador/a social).....1 pto.

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado..... 3 pts.
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 pts.
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior..... 1 pto.

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

(entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 pto.
- Monoparental con fillo/s 1 pto.

10.- OUTROS

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)... 2 pts.

Four handwritten signatures in blue ink, arranged horizontally. The first is a simple 'D', the second is a cursive signature, the third is a signature with a horizontal line through it, and the fourth is a signature that appears to be 'Aurora'.

BASES PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO " SENDAS DE BURELA, CERVO E XOVE III "- CONCELLO DE CERVO.

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10 e 11 da Orde de 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiros de emprego o establecemento do sistema, procedemento e baremos que se aplicarán na selección dos desempregados como alumnos-traballadores participantes no obradoiro de emprego "**SENDAS DE BURELA, CERVO E XOVE III** ", promovido polo **Concello de Cervo** e subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar.

Segunda.- Relación xurídica dos traballadores participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.

Durante a duración do obradoiro de emprego os alumnos-traballadores participantes estarán vinculados á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe. Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de seis meses e a xornada **completa**.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes.

Os participantes no proceso selectivo, deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais.

1º.- Estar inscrito como desempregado na oficina de emprego e empadroadado nos Concellos de Cervo, Burela ou Xove con anterioridade a data de firma destas bases.

2º.- Ser maior de 18 anos.

3º.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida a normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.

4º.- Comprometerse activamente no obxecto fundamental do obradoiro de emprego: a aprendizaxe da especialidade formativa á que sexa adscrito, como medida orientada a favorecer a súa inserción profesional e o acceso ó mercado de traballo, por conta propia ou allea.


5ª Posuír a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obrigatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.

b) Requisitos específicos:

1º- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.

2º.- Idade: maiores de 18 anos.

c) Causas de exclusión:



Haber participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego

Cuarta.- Procedemento de selección.

O procedemento de selección consistirá na tramitación previa de oferta de actividade á oficina de emprego e a aplicación dun baremo de selección que se incorpora como anexo destas bases.

Quinta.- Oferta de actividade.

Unha vez constituído o grupo de traballo mixto, e aprobados os criterios de selección dos alumnos-traballadores que van participar no obradoiro de emprego, tramitarase a oferta á oficina de emprego de **Burela**, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- a) **Ámbito xeográfico: Concello de Xove.**
 - b) **Códigos: 7 PRAZAS Módulo de Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaria AGAO0108(Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal). NIVEL 1**
 - c) **Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive**
 - d) **Idade: de 18 a 64 anos.**
 - d) **Nº de candidatos a remitir: Na medida do posible 3 por posto.**
 - e) **Serán causas de exclusión non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases.**
 - f) **Requisitos de formación : Cumprilos requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto. Posuír a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obrigatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.**
 - g) **Nivel formativo: Competencias clave NIVEL 1**
-
- a) **Ámbito xeográfico: Concello de Cervo.**
 - b) **Códigos: 6 PRAZAS Módulo de Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaria AGAO0108(Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal). NIVEL 1**
 - c) **Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive**
 - d) **Idade: de 18 a 64 anos.**
 - e) **Nº de candidatos a remitir: Na medida do posible 3 por posto.**
 - f) **Serán causas de exclusión non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases.**
 - g) **Requisitos de formación : Cumprilos requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto. Posuír a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obrigatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.**
 - h) **Nivel formativo: Competencias clave NIVEL 1**
-
- a) **Ámbito xeográfico: Concello de Burela**
 - b) **Códigos: 7 PRAZAS Módulo de Pintura decorativa en construción EOCB0110 (Pertencentes ao subgrupo de pintores, empapeladores e afíns - 723) NIVEL 1**
 - c) **Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive**
 - d) **Idade: de 18 a 64 anos.**



- e) Nº de candidatos a remitir: Na medida do posible 3 por posto.
- f) Serán causas de exclusión non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases.
- g) Requisitos de formación : Cumprilos requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto. **Posuír a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obrigatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.**

Sexta.- Baremo .

O grupo de traballo mixto, segundo o acordado aplicará o baremo establecido no Anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos a remitir pola oficina de emprego cunha puntuación máxima de 29 puntos e unha entrevista co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo que serán valoradas cun total de 9 puntos.

A entrevista terá lugar :

- **O 6 de xullo de 2015 ás 9,30 horas na antiga Escola Obradoiro de Cervo sita en Avda de Galicia 6, para o módulo de Xardinería (AGAO0108) de Cervo .**
- **O 6 de xullo de 2015 ás 11,00 horas na antiga Escola Obradoiro de Cervo sita en Avda de Galicia 6, para o módulo de Pintura (EOCB0110) de Burela .**
- **O 6 de xullo de 2015 ás 13 horas na antiga Escola Obradoiro de Cervo sita en Avda de Galicia 6, para o módulo de Xardinería (AGAO0108) de Xove.**

Sétima.- Criterios de preferencia.

Os criterios de preferencia na selección serán:

- a) Terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que, reunindo os requisitos xerais antes establecidos e, se é o caso, tendo previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como as persoas mozas menores de trinta anos, as mulleres en xeral, as mulleres vítimas de violencia, o persoal traballador que esgotou as prestacións e subsidios por desemprego, as persoas paradas de longa duración, as persoas maiores de corenta e cinco anos, as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas pertencentes a outros colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente, as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- b) As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia incorporaranse directamente con prioridade absoluta o proxecto, sempre e cando cumpran os requisitos xerais das presentes bases.

Oitava.- Puntuación final.

Baremos os méritos e a entrevista, será elaborada a relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego, como alumnos-traballadores, indicando a puntuación total e



as especialidades formativas ás que son adscritos. Esta relación deberá ser exposta nos taboleiros da entidade promotora.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña máis antigüidade como desempleado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade.

Novena.- Lista de reserva.

O grupo de traballo mixto, coa finalidade de suplir as posibles baixas dos seleccionados como alumnos-traballadores, antes de iniciada a actividade do obradoiro, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polos candidatos que, non sendo seleccionados, obtiveran as maiores puntuacións.

Esta lista de reserva terá vixencia ata o inicio do proxecto formativo.

Décima.- Admisión.

Os seleccionados polo grupo de traballo mixto serán admitidos pola entidade promotora, para participar no obradoiro de emprego na condición de alumno traballador sempre e cando cumpran os requisitos destas bases, para o que deberán pasar recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego.

Os alumnos traballadores seleccionados deberán de manter o cumprimento dos requisitos de selección na data de incorporación ao proxecto.

Décimo primeira.- Incidencias e reclamacións.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 8/05/13 da Consellería de Traballo e Benestar, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

As incidencias e reclamacións que se susciten no proceso de selección seguido, presentaranse ante o grupo de traballo no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte o da exposición das listas de admitidos e reservas e serán resoltas polo Grupo de traballo mixto sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Lugo, 11 de xuño de 2015

Belén Villares Vázquez

Luis López López

María Jesús Mota Otero

Francisco Quinzá-Torroja García